

C.I.F. G-70.454.657

## BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O POSTO DE XERENTE DA ASOCIACIÓN GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ARTABRO NORTE

O 9.01.2023 asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Artabro Norte para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027. O ámbito territorial do Grupo abrangue os Concellos de Paderne, Miño, Pontedeume, Cabanas, Ares, Mugardos, Fene, Neda, Narón e Ferrol.

O GALP Golfo Ártabro Norte debe contar co persoal necesario con formación e capacidade para a realización das funcións que ten encomendadas como entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión da EDLP do GALP no período FEMPA 2021-2027. A cláusula 17ª do Convenio de colaboración establece as características e condicións do persoal do GALP e a súa selección e recolle que unha das persoas será a persoa encargada da xerencia.

A Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte en sesión celebrada o 02.08.2023 aprobou as bases reguladoras da selección e a convocatoria para a contratación dun/ha XERENTE da Asociación Grupo de Acción Local Golfo Ártabro Norte que se recollen a continuación:

### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é a selección e contratación laboral da persoa que desempeñará o posto de XERENTE do GALP Golfo Ártabro Norte na xestión da Estratexia do Grupo no marco do FEMPA.

A selección farase tendo en conta os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria. Finalizado o proceso de selección, o resultado deste comunicarse á Consellería do Mar.

### 2. CARACTERÍSTICAS DO POSTO

Denominación: Xerente

**Titulación mínima requirida:** licenciatura ou equivalente, master, grado ou calquera outro título universitario do nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior.

**Réxime de contratación:** Contratación laboral séndolle de aplicación as fontes do ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores. A persoa seleccionada será contratada polo GALP.

**Características do posto:** o/a xerente é o máximo responsable técnico do Programa. Terá dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional. A persoa xerente non desempeñará cargos electos nos órganos do GALP.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación.  
Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%



Cofinanciado por  
la Unión Europea

C.I.F. G-70.454.657

**Retribución bruta anual:** Será a que figure nos orzamentos do GALP, dentro dos límites establecidos no marco do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o GALP para a aplicación da EDLP no período FEMPA 2021-2027. Establécese un salario bruto anual de 35.000 €

**Duración do contrato:** Quedará supeditada á implementación da totalidade da aplicación da EDLP do FEMPA 2021-2027 e do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte.

**Modalidade de contratación:** O contrato será de carácter indefinido e a tempo completo. Establecese un período de proba de seis meses.

**Centro de traballo:** O centro de traballo estará ubicado na sede do GALP (Rúa Curro, 33, Casa do Pescador, Miño). Deberá ter permiso de conducir B e dispoñibilidade de vehículo para eventuais desprazamentos no territorio no exercicio das súas funcións e nas reunións e accións de desenvolvemento que o requiran.

**Xornada:** A xornada será a tempo completo, e establecida polo GALP Golfo Ártabro Norte. Deberá ter dispoñibilidade horaria para a asistencia a reunións cos diferentes colectivos, axentes sociais e órganos da Asociación, que sexan requiridos para o axeitado desenvolvemento dos seus obxectivos, así como para o desenvolvemento das súas funcións.

### 3. FUNCÍONS A DESENVOLVER

As funcións do posto de traballo obxecto da convocatoria son as seguintes:

- Dirixir e coordinar ao equipo técnico.
- Asumir a xestión de recursos na actividade diaria do GALP.
- Captar e analizar iniciativas de desenvolvemento local susceptibles de percibir fondos, mobilizando e dinamizando sectores de poboación, particulares, empresas e emprendedores.
- Dinamizar colectivos para a posta en marcha de proxectos conxuntos.
- Organizar estratexias para a consecución de obxectivos que planifiquen os órganos do GALP.
- Dinamizar e xestionar os expedientes de subvencións, no marco das obrigas do GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar.
- Informar e asesorar ás persoas e entidades promotoras.
- Analizar e avaliar os proxectos presentados, elaborar informes respecto ás iniciativas e seguimento das certificacións.
- Realizar o seguimento e avaliación da EDLP.

C.I.F. G-70.454.657

- Realizar o control e seguimento dos proxectos financiados e do cumprimento das obrigas por parte das persoas beneficiarias, de acordo coas directrices establecidas polas autoridades e órganos de xestión.
- Informar á Xunta Directiva sobre o funcionamento e xestións realizadas polo equipo técnico.
- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou a presidencia do GALP, así como as actuacións previstas no FEMPA que indique a Consellería do Mar, no marco das obrigas do GALP como entidade colaboradora desta.
- E, en xeral, atender aquelas tarefas que, desde os órganos de goberno do GALP GAN, se consideren oportunas.

#### 4. REQUISITOS DE ADMISIÓN

As persoas interesadas deben cumprir os seguintes requisitos para poder ser admitido/a no proceso de selección:

- Ser cidadán/á da Unión Europea ou de calquera outro estado que teña tratado ou acordo coa UE para permitir a libre circulación de traballadores.
- Ter cumpridos 18 anos de idade.
- Ter a titulación de licenciado/a ou equivalente, master, grado ou calquera outro título universitario do nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior, relacionada co posto e funcións a desempeñar.
- Contar cunha experiencia mínima demostrable dun mínimo de tres anos na dirección, xestión ou administración de proxectos de desenvolvemento local ou territorial, ou na xestión de fondos europeos de calquera tipo, xa sexa en Administracións, entidades de calquera tipo ou empresas privadas, tanto en España como en calquera país da Unión Europea".
- Coñecemento do idioma galego.
- Estar en posesión do permiso de conducir B vixente.
- Dispoñer de vehículo.
- Non desenvolver cargos electos na Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte, nin ningún outro GALP.
- Dispoñibilidade horaria.
- Dedicación exclusiva

C.I.F. G-70.454.657

Estes requisitos terán que posuírse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante a relación laboral.

Antes da súa contratación acreditará mediante certificado que non padece enfermidade ou calquera outra circunstancia de saúde que lle impida exercer as súas funcións.

## 5. PUBLICIDADE DO PROCESO

A convocatoria publicarase a través dun anuncio da oferta de emprego no diario de maior tirada desta zona pesqueira ou na provincia, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP Golfo Ártabro Norte, no taboleiro de anuncios da sede do GALP e as súas redes sociais, na páxina web que estableza a Consellería do Mar (para a cal se lle enviará unha comunicación do anuncio), así como na web xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro ([www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal))

As bases polas que se rexerá a selección e posterior contratación do persoal do GALP Golfo Ártabro Norte poderán ser consultadas na páxina web [www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal) (contratación persoal) ou chamando ao teléfono 981 784 417 en horario de 09.00 a 15.00 horas de luns a venres.

A publicidade das sucesivas fases farase no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web Xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro ([www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal)).

## 6. PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección constará de catro fases:

- FASE I: Proba escrita de coñecementos
- FASE II: Valoración de méritos
- FASE III: Entrevista
- FASE IV: Proba de lingua galega

C.I.F. G-70.454.657

## 7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO

As persoas que desexen participar no proceso deberán facelo constar na solicitude que deberá presentarse no modelo normalizado para a inscrición, que se achega como **Anexo I**.

A participación no proceso é gratuíta.

As solicitudes poderán presentarse ben de forma presencial na sede do GALP de luns a venres de 9.00 a 14.00 h, ben por correo ordinario certificado ao rexistro do GALP, en sobre pechado na oficina do GALP (neste último caso, deberá enviarse un correo electrónico antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, indicando que se enviou a documentación por correo certificado e copia do documento acreditativo do envío):

Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro GOLFO ARTABRO NORTE  
Rúa Curro, 33 (Casa do Pescador), 15630 Miño

Á instancia acompañarase a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI
- b) Copia do permiso de conducir
- c) Copia da titulación requirida
- d) Copia do CELGA 4 ou certificado equivalente acreditativo do coñecemento da lingua galega. No caso de non poder acreditar documentalmente o coñecemento da lingua galega, realizarase unha proba de coñecemento do idioma galego ás persoas que acaden a puntuación mínima total establecida na cláusula 8 destas bases.
- e) Currículo do/a candidato/a, no que se relacionen os méritos
- f) Copia dos xustificantes dos méritos alegados
- g) Informe de vida laboral e contratos
- h) Declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo
- i) Declaración de non desempeño de cargos electos na Asociación GALP Golfo Ártabro Norte nin en ningún outro GALP.
- j) Declaración responsable de que no caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con dedicación exclusiva

C.I.F. G-70.454.657

En calquera momento do proceso o GALP poderá solicitar a documentación orixinal para o seu cotexo.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar dende a última publicación da oferta nos medios indicados no punto anterior.

## 8. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

### Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, coa causa da súa exclusión, no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web Xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro ([www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal)), concedéndose un prazo de dous días hábiles para desde o día seguinte ao da súa publicación presentar as reclamacións polas mesmas vías que a presentación de solicitudes, e poder subsanar ou corrixir, no seu caso, os defectos que motivasen a súa exclusión.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na publicación da lista definitiva. No caso de non existir persoas excluídas na lista provisional, esta omitirase, publicándose dita lista como definitiva.

En cada fase do proceso de selección, as publicacións correspondentes a puntuacións provisionais, prazo de dous días hábiles para presentar alegacións, no seu caso, e relacións de puntuacións definitivas ou cualificación definitiva de apto/non apto da proba de lingua galega, realizarase da mesma forma xa indicada: no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web Xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro ([www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal)).

### Comisión de avaliación

A Comisión de Selección nomeada pola Xunta Directiva en sesión celebrada o 31.05.2023 é a seguinte:

- José Manuel Fernández Lage. Presidente do GALP, como presidente da comisión
- Jorge López Pena. Representante da Confraría de Barallobre, ou persoa en que delegue
- Teresa María Oujo Reino. Representante do Club Náutico de Miño, ou persoa en que delegue
- Manuel Antonio Ramos Rodríguez. Representante do Concello de Narón, ou persoa en que delegue
- Bruno Otero Pérez. Representante da Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE Ferrolterra), ou persoa en que delegue

Un/ha dos integrantes da Comisión actuará como Secretario/a da mesma.

C.I.F. G-70.454.657

A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros, adoptándose as decisións pola maioría dos membros presentes na reunión, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente, que deberá estar presente durante todo o proceso.

O proceso poderá contar coa asistencia con voz pero sen voto de persoal técnico ou con outra asistencia técnica que considere a Comisión.

As persoas membros da Comisión de Selección deberán actuar con imparcialidade, e polo tanto, absterse de formar parte da mesma, por analogía, nos casos nos que concorresen as causas de abstención e recusación das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A actuación da Comisión axustarase ás bases desta convocatoria e resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos necesarios para a súa interpretación nos supostos previstos nelas.

No caso de que a Comisión de selección estime que ningunha das persoas presentadas reúne a cualificación esixida para o desempeño do posto de traballo convocado, poderá propoñer que se declare deserta a convocatoria.

Ao carecer o GALP Golfo Ártabro Norte de medios materiais e persoais para a xestión deste proceso de selección, consonte á normativa que rexe a contratación da asociación establecida no Convenio de Colaboración coa Consellería do Mar, a Xunta Directiva acordou externalizar na empresa Lucus Lex Abogados S.L.P. a xestión do mesmo.

### Desenvolvemento

Unha vez exposta a lista definitiva de admitidos ao proceso de selección, publicarase así mesmo a data e lugar para o desenvolvemento da proba escrita de coñecemento. Trala súa realización polos candidatos/as, unha vez corrixidas publicaranse da forma xa indicada as puntuacións obtidas, establecendo un prazo de dous días hábiles para alegacións ou solicitude de revisións, no seu caso.

Unha vez publicadas as puntuacións definitivas da **Fase I**, valoraranse os méritos acreditados polos participantes e se publicará así mesmo no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web Xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro ([www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal)) a puntuación acadada nesta **Fase II**. Unha vez feita a publicación darase un prazo de dous días hábiles para a presentación de alegacións/reclamacións respecto da valoración de méritos.

Resultas estas, ou transcorrido o citado prazo sen que se presente algunha, publicarase as baremacións de méritos definitivas (no caso de que non houbera alegacións non fará falta unha nova publicación), e publicarase o lugar, data e hora das **entrevistas persoais**.



C.I.F. G-70.454.657

Unha vez realizadas as entrevistas, os resultados publicaranse nos mesmos taboleiros indicados anteriormente, coa relación, no seu caso, das persoas que deban facer a proba de lingua galega, con lugar, data e hora.

Os resultados finais trala realización das sucesivas fases de selección serán publicados no dito taboleiro e web indicadas anteriormente.

### Procedemento de selección

O procedemento terá catro fases:

- I. Proba escrita de coñecementos (Ata 10 puntos)
- II. Concurso de méritos (Ata 7 puntos)
- III. Entrevista persoal (Ata 3 puntos)
- IV. Proba de galego, nivel CELGA 4. Só no caso de persoas que, acadando nas tres fases anteriores a puntuación total mínima establecida na cláusula 9 destas bases, non acreditaron documentalmente o coñecemento da lingua galega, realizarase unha proba de coñecemento do idioma galego. A cualificación será de APTO ou NON APTO.

A fase I ten carácter eliminatorio, tendo que acadar a lo menos 5 puntos para poder continuar o/a candidato/a no proceso de selección. As fases II e III do proceso de selección non teñen carácter eliminatorio. As persoas que non acaden o APTO na proba de lingua galega nun nivel do CELGA 4 quedarán eliminadas do proceso selectivo.

### **FASE I. Proba escrita de coñecementos. Ata 10 puntos.**

Nesta proba escrita de proceso de selección adoptaranse as seguintes medidas para garantir o anonimato dos aspirantes que concorren a dito proceso selectivo:

- *O persoal aspirante recibirá un impreso para consignar os datos persoais e dous sobres, un grande e outro pequeno.*
- *O persoal aspirante cubrirá os impresos e os introducirá no sobre pequeno e o pechará.*
- *En función das características do exercicio, entregaráselle aos aspirantes os exames tipo test ou os folios para o desenvolvemento das preguntas, que neste último caso serán numeradas polo aspirante.*
- *Quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen as persoas asinantes, ou que presente sinais ou marcas que puideran romper o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.*
- *Finalizada a proba escrita, esta se incluírá no sobre grande que se lle entregará aos responsables, sen pechar, do proceso xunto co sobre pequeno que contén os datos persoais.*
- *Os responsables do proceso pegarán unha etiqueta adhesiva codificada no primeiro folio do exame e outra no sobre pequeno dos datos persoais. Esta operación farase diante do aspirante que entrega os sobres e logo pecharase o sobre grande.*
- *Os responsables gardarán os sobres pequenos que conteñen os datos persoais nun sobre grande, o cal será asinado como mínimo por dous membros da Comisión de Selección, e non será aberto ata que finalice a cualificación anónima da proba escrita. Unha vez corrixida e cualificada a proba, procederase a apertura do sobre grande para o cal requirirase a presenza dunha representación da Comisión de Selección composta dun mínimo de dúas persoas. Igualmente asistirá un representante da empresa encargada da xestión do proceso, e levantarase acta.*



C.I.F. G-70.454.657

A proba escrita consistirá no desenvolvemento dun exame tipo TEST de vinte preguntas. Esta fase é eliminatoria polo que será necesario acadar un mínimo de 5 puntos nesta proba para poder continuar no proceso selectivo.

## **FASE II. Concurso de méritos. Ata 7 puntos.**

O baremo de méritos será o seguinte:

### **A) Experiencia profesional (máximo 5 puntos):**

Acreditarase mediante informe de vida laboral actualizada acompañado de copia dos contratos laborais ou certificados de empresa nos que coste a categoría e posto desempeñado, así como certificados de funcións, no seu caso.

A.1. Experiencia laboral como xerente/director/a ou técnico/a en Programas de desenvolvemento local participativo cofinanciado por fondos europeos. (0,25 puntos por semestre completo traballado, cun máximo de 3 puntos)

A.2. Experiencia laboral en outros postos de carácter administrativo, diferentes aos anteriores, en programas de desenvolvemento local participativo. (0,10 puntos por mes completo traballado, cun máximo de 2 puntos)

### **B) Formación relacionada co posto (máximo 2 puntos):**

Valorarase a formación impartida por organismos públicos oficiais ou por entidade privada recoñecida pola Administración para impartir formación. A formación acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que impartiu a mesma, debendo constar a referencia ao número de horas, contidos e datas de impartición.

Para ser obxecto de valoración, a formación acreditada debe ter relación coas funcións do posto e o ámbito de traballo: desenvolvemento local, procesos participativos, sector pesqueiro, xestión administrativa e contable, ofimática, redes sociais, xestión documental e arquivo, xestión de proxectos, fondos europeos, subvencións...

B.1 Titulación universitaria en ámbito económico ou xurídico social: 1 punto. No caso de que o aspirante posúa dous ou máis títulos desta rama ou dobles graos, a puntuación máxima en todo caso non superará 1 punto.

B.2 Outra formación relacionada co posto: 0,05 puntos por cada 10 horas. Máximo 1 punto neste apartado.

C.I.F. G-70.454.657

### **FASE III. Entrevista persoal. Ata 3 puntos.**

Ao finalizar a fase de concurso de méritos terá lugar a entrevista persoal co obxecto de avaliar a aptitude e actitude e motivación persoal para o óptimo desempeño do posto de traballo, valorando, ademais dos contidos propios do posto, formación e experiencia, tamén as habilidades, capacidades e destrezas necesarios, a capacidade de comunicación, así como o coñecemento do funcionamento dos Grupos de Acción Local de Sector Pesqueiro e o FEMPA.

### **FASE IV. Proba de lingua galega. APTO ou NON APTO**

Só no caso de persoas que, acadando nas tres fases anteriores a puntuación total mínima establecida na cláusula 9 destas bases, non acreditaron documentalmente o coñecemento da lingua galega, realizarase unha proba de coñecemento do idioma galego. A cualificación será de APTO ou NON APTO. As persoas que non acaden o APTO na proba de lingua galega nun nivel do CELGA 4 quedarán eliminadas do proceso selectivo.

## **9. RELACIÓN FINAL DE CANDIDATOS, LISTA DE RESERVA E CONTRATACIÓN**

Finalizado o proceso selectivo, a Comisión de selección do GALP fará pública no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web Xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro [www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal), a relación de aspirantes ordenados segundo as puntuacións acadadas, coa indicación do seu documento de identidade.

Unha vez feita pública a lista de candidatos coas puntuacións, os aspirantes que aparezan no listado terán un prazo de dous días hábiles para formular as reclamacións que, no seu caso, teñan por convintes. Transcorrido o mesmo sen reclamacións ou resultas as mesmas no sentido que proceda, publicarase de novo a lista. Por orde do presidente elevarase a definitiva a proposta da Comisión, unha vez resultas no seu caso as posibles reclamacións e comunicarase á persoa seleccionada a citada circunstancia.

Desde a comunicación á persoa seleccionada para o posto, esta terá un prazo máximo de cinco días hábiles para presentar a documentación orixinal que se lle indique e posteriormente procederá á formalización da súa contratación, salvo causas excepcionais que o puidesen demorar.

Co resto de aspirantes que acaden unha puntuación mínima de 9 puntos constituirase unha lista de reserva á que se poderá acudir para contratacións polo seu orde no caso quedar vacante o posto por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do contrato, acumulación de tarefas ou outras causas.



C.I.F. G-70.454.657

PROGRAMA DE CONTIDOS:

1. Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro en Galicia
2. Estratexia de Desenvolvemento Local participativo do Golfo Ártabro Norte FEMPA 2021-2027
3. Territorio de actuación do GALP Golfo Ártabro Norte: datos demográficos, socioeconómicos, históricos e patrimoniais do territorio.
4. Estatutos da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte
5. Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.)
6. Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.
7. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
8. Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
9. Instrución 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP)
10. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Miño, 2 de agosto de 2023

José Manuel Fernández Lage





C.I.F. G-70.454.657

## ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACION EN PROCESO DE SELECCIÓN DE XERENTE DO GALP GOLFO ARTABRO NORTE

D./Dna. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

data de nacemento \_\_\_\_\_ domicilio \_\_\_\_\_

teléfono \_\_\_\_\_ correo electrónico \_\_\_\_\_

en virtude da convocatoria para a contratación de persoal para o posto de xerente do GALP Golfo Ártabro Norte,

DECLARO:

- Que son coñecedor/a das Bases e acepto as mesmas, e
- Que reúno os requisitos esixidos nas Bases

Polo que

SOLICITO:

Participar no proceso de selección do posto de XERENTE.

Achego a seguinte documentación:

- 
- 
- ....

Data:

Sinatura:

**PRESIDENTE DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ARTABRO NORTE**

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación.  
Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%



Cofinanciado por  
la Unión Europea